




MANUAL DE USO DA PLATAFORMA WEB “DRUPAL 6.0” INSTALADA NOS CENTROS EDUCATIVOS DA XUNTA DE GALICIA

Introdución a Drupal6.0

Drupal é un **xestor de contido por bloques** ou módulos, moi configurable. Foi posto en marcha polos asesores SIEGA da Consellería de Educación.

Permite o traballo colaborativo con diferentes roles de usuario, para que dun xeito uniforme poidan crear, xestionar, publicar e actualizar contidos da web.

É un programa de **código aberto, con licenza GNU/GPL** (licenza pública xeral), é dicir garante que todos poden compartir, e cambiar todas as versións dun programa, e asegúrase de que as obras derivadas sigan sendo GNU.

Para almacenar a información emprega un xestor de bases de datos MySQL.

Está escrito en PHP (Hypertext Pre-processor) que é unha linguaxe de código aberto.

Drupal destaca pola calidade do seu código, das páxinas xeradas. E o respecto aos estándares da web, poñendo especial interese na usabilidade e consistencia do sistema.

O sitio principal de desenvolvemento e coordinación de Drupal é drupal.org, no que participan activamente varios miles de usuarios de todo o mundo.

A UAC ([Unidade de Atención a Centros](#)) da Xunta de Galicia, preinstala e configura Drupal no espazo web destinada a cada centro, do fin de permitir aos centros educativos, xestionar e actualizar os contidos dun xeito doado, no que poida participar toda a comunidade educativa (equipo directivo, profesores, pais, alumnos...)

Podedes atopar un curso oficial do proxecto webs dinámicas no seguinte enlace: [Aula Virtual webs dinámicas](#)

Acceso ao portal do IES As Telleiras

O sitio web é o seguinte: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/>

Conceptos fundamentais. Apariencia

Os contidos creados en Drupal, tamén se chaman NODOS, que se organizan en Bloques. Estes bloques poden ter diferentes posicións ou zonas da páxina. As diferentes zonas son:

- Cabeceira
- Barra lateral esquerda
- Barra lateral dereita
- Contido (parte central)
- Pé de páxina.



Inicio de sesión de usuario. Validación. Acceso ao panel de navegación

Para iniciar sesión na plataforma web de Drupal, deberemos introducir o nome de usuario e contrasinal que nos facilitou o equipo directivo ou coordinador TIC do noso centro.



Nunca deberemos gardar as contrasinais en ordenadores que non sexan de uso persoal. Se accedemos dende un ordenador do centro educativo, non gardaremos os datos de acceso para evitar que outra persoa acceda coas nosas credenciais.

Hai outro bloque de inicio de sesión, que se pode activar

MANTEMENTO DE USUARIOS

A xestión de usuarios e roles e os seus permisos, permiten limitar a visualización de determinado contido a un ou varios tipos de usuario así coma a creación de contido.

Os /As administradores da páxina serán quen den de **alta** usuarios, **configuren roles** e **permisos** dos mesmos.

No **menú Administrar, Mantemento de usuarios- usuarios** veremos unha listaxe de todos os usuarios existentes, e poderemos crear novos usuarios onde pide **nome de usuario e correo electrónico**, de xeito que **ningún dos dous pode existir previamente**.



A continuación introduciremos un contrasinal e repetíremolo. Logo hai que adxudicarlle un ROL, é dicir, que permisos vai a ter.

Tamén especificaremos se queremos que lle cheguen notificacións ao correo electrónico (so correo corporativo)

No caso de ter activos varios temas ou plantillas (deseño da páxina), podemos ofrecerllos aos usuarios, aínda que **é aconsellable que todos traballen ca mesma plantilla, para evitar que o contido poida “descolocarse”**.

Dende este menú tamén se poden borrar os usuarios (que xa non pertencen á comunidade educativa), e todo o contido creado por ese usuario, será atribuído a “usuario anónimo”

Configuración do Usuario;

No menú **Administrar-Mantemento de usuarios-Configuración de usuario**; poderemos permitir ou denegar aos usuarios que se den de alta eles mesmos. O recomendable é que só os adiministradores poidan crear contas novas.

Aquí tamén se pode configurar a mensaxe de correo electrónico que lles chegará aos usuarios ao darse de alta eles mesmos ou condo os da de alta o administrador.

Así mesmo , tamén se configura o texto do correo electrónico para solicitar un novo contrasinal, e permitir ou denegar o soporte de fotografías e o tamaño máximo da mesmas.

Roles

No menú **Administrar - Mantemento de usuarios- Roles**

▼ **Mantenemento de usuarios**

- **Permisos**
- **Regras de acceso**
- **Roles**
- **Taxonomy access permissions**
- **Usuarios**
- **Configuración de usuario**

Nome	Operacións
usuario/a anónimo/a	bloqueado editar permisos
usuario autenticado	bloqueado editar permisos
administrador	editar rol editar permisos
Anpa	editar rol editar permisos
Convivencia	editar rol editar permisos
profesorado	editar rol editar permisos
xefe de departamento	editar rol editar permisos
	Engadir rol

Os roles permiten axustar os permisos ou privilexios do grupo.

Por defecto aparecen ; usuario anónimo, usuario autenticado e administrador. Os administradores poderán crear novos roles ; profesorado, alumnado, ANPA, xefes departamento...etc

Permisos dun rol;

Despois de ter creado o novo rol, asignaremos os permisos correspondentes, marcando as casillas correspondentes.

No caso de ter varios roles con permisos semellantes, podemos duplicar o rol e editar os permisos a continuación.

Inicio » Administrar » Mantemento de usuarios

Permisos

Os permisos permitenlle controlar qué é o que poden facer os usuarios (roles de usuarios) ten o seu propio conxunto de permisos. Por "Administradores" o permiso para "administrar nodos" e negársel empregar os permisos para mostrar as características novas ós usuarios. Os permisos tamén permiten compartir cos usuarios de confianza a

Permiso	alumnado
advanced_help módulo	
view advanced help index	☐
view advanced help popup	☐
view advanced help topic	☐
aggregator módulo	
acceder a orixes de novas	☐
administrar orixes de novas	☐
audio módulo	
administer audio	☐
create audio	☐
download audio	☐
edit own audio	☐
play audio	☐

Configurar cuotas de ficheiros adxuntos

Cando creamos un contido, temos a opción de engadir un ficheiro coma adxunto.

Estas opcións poden ser cambiadas por un usuario co rol de administrador no menú;

Administrar>Configuración da páxina>Subidas de arquivos

Inicio » Administrar » Configuración da páxina

Subidas de arquivos

Os usuarios con [permiso para cargar arquivos](#) poden cargar adxuntos. Os usuarios con [permiso para ver arquivos cargados](#) poden ver os arquivos subidos. Poden elixir qué tipos de envíos admiten adxuntos na páxina [opcións de tipo de contido](#).

▼ Configuración xeral

Resolución máxima para as imaxes cargadas:
 ANCHxALTO
 O tamaño máximo permitido dunha imaxe (ex. 640x480). Pon 0 para que non haxa restricións. Se unha [caixa de ferramentas de imaxe](#) está instalada, os ficheiros que excedan este valor serán redimensionados para que se axusten.

Amosar ficheiros por defecto:
☒ SI
 Amosar os arquivos anexados cando se vexa o envío publicado.

Extensions de arquivo permitidas por defecto:

 Extensions por defecto que os usuarios poden subir. Separe as extensions con un espacion e non inclúa o punto final.

Tamaño máximo de arquivo por defecto para subir.:
 MB
 O tamaño máximo predefinido dos ficheiros que un usuarios pode cargar. Se unha imaxe é cargada e está establecida unha resolución máxima, verifícase o seu tamaño despois de que se redimensione o ficheiro.

Tamaño total do arquivo por defecto por usuario.:
 MB
 O tamaño máximo predefinido para tódolos ficheiros que un usuario pode ter no sitio.

A configuración de PHP limita o tamaño máximo de arquivo para subir a 2048 MB.

► Configuracións para administrador
 ► Configuracións para ANPA
 ► Configuracións para profesorado
 ► Configuracións para xefe de departamento

Podemos **engadir novas extensións** de ficheiros, por exemplo **“mp4”**

Cambiar o tamaño máximo (por defecto) de ficheiros por subida, agora en 100MB (**paréceme excesivo**)

Independentemente da configuración xeral(por defecto) podemos especificar unha configuración diferente para cada rol (administrador, profesorado...) **No voso caso o Administrador ten menos tamaño que por defecto.**

Con independencia das configuracións anteriores, existe unha limitación no tamaño máximo de ficheiros por carga, establecido pola propia plataforma, que son 700 MB. En calquera caso **RECOMENDASE NON SUBIR FICHEIROS MOI PESADOS PARA GARANTIR UNHA NAVEGACIÓN FLUIDA.**


TEMAS OU PANTILLAS

Son os compoñentes de Drupal que dan aspecto e estrutura física á web.

En webs dinámicas hai un conxunto de plantillas instaladas dispoñibles para empregalas nas webs dos centros.

E posible configurar e utilizar a un tempo varias plantillas, **unha por defecto**, na que activaremos os bloques que queremos sexan visibles na nosa web,.

Empregaremos **unha segunda plantilla** para as páxinas de administración que se recomenda sexa **Bluemarine**.



Administrar>Construcción da páxina>Plantillas;

Para poder configurar unha plantilla, debemos activala primeiro.

Lista;

- **Listado** de todas as plantillas instaladas no servidor. Aparece o **nome e a versión** da plantilla. **Non podemos instalar unha versión de plantilla inferior ou superior á versión de drupal.**
- **Caixa ou check para activar** ou desctivar, non se crean nin se destrúen estruturas de datos.
- **Por defecto;** o/a administradores deciden cal das plantillas se establece por devecto para a web visible ou páxina principal.
- Operacións-Configurar
- Gardar os cambios

Lapela Configurar;

Configuracións globais; Parámetros por defecto de todas as plantillas activas, por exemplo;

- **Cambiar a visualización**, para activar ou desactivar o logotipo, o nome do sitio, Caixa de busca, incona de acceso rápido, enlaces primarios, enlaces secundarios.
- **Enlaces primarios**, ou principais aparecen na plantilla para usar as secciones principais dun sitio, coma por exemplo as lapelas na parte superior. no IES AS TELLEIRAS, tedes Aula Virtual, Galería e You Tube

- Os **enlaces secundarios** que tedes no IES AS TELLEIRAS son os seguintes; Acceso a edixgal, correo edu, mapa do sitio(quitar), proens, portal educativo, recursos (quitar)

Configuración da plantilla 0 point

- Estilo;** según a lista desplegable podemos cambiar un pouco as cores da plantilla e textos 0 point.
- Layout width;** o ancho fluído e o ancho fixo podense personalizar. Tamén se pode escoller o **ancho adaptable** (según o dispositivo no que se visualice a web)



Layout settings

Estilo:
Ivy

Layout width:
Adaptive width
Fluid width and Fixed width can be customized in _custom/custom-style.css.

Sidebars layout:
Variable asymmetrical sidebars (wide)
Variable width sidebars (wide): If only one sidebar is enabled, content width is 250px for left sidebar and 300px for right sidebar. If both sidebars are enabled, content width is 160px for left sidebar and 234px for right sidebar.
Fixed width sidebars (wide): Content width is 160px for left sidebar and 234px for right sidebar.
Equal width sidebars can be customized in _custom/custom-style.css. For other details, please refer to readme.txt.

Themed blocks:
Sidebars only

Block icons:
Yes (32x32 pixels)
☒ Page icons

Menu type:
Static Menu
Choose "Drop Down" to enable support for Suckerfish drop down menus.
NOTE: Go to [admin/build/menu](#) and expand all parents in primary menu.

Menu position:
Right
NOTE: Only the static menu can be properly centered.
NOTE for RTL sites: IE6 will accept only left positioned Drop-Down menu.

- Sidebars layout:** barras laterais de ancho variable. Se so hai 1 barra, o ancho é de 250píxeles para a barra esquerda e 300 px para a dereita. Se as dúas baras están activadas , o ancho da barra esquerda é de 160 px e de 234 px para a dereita. Se optamos polas barras de ancho fixo, o ancho da esquerda será de 160 px, e o da dereita será de 234 px.
- Bloques temáticos;** so aparecen nas barras laterais , ou nestas e nas zonas dos usuarios (encima ou abaixo de todo)
- Block icons;** Iconos de bloque, activados en 2 tamaños, 32x32 px ou 48x48 px.
- Menú type:** escoller entre **menú estático** ou desplegable. Neste último caso hai que acceder a Administración>construcción da paxina>menús e expandir todos os elementos pais no menú principal.
- Posición dos menús:** **Á dereita;** pois so se pode centrar correctamente o menú estático.
- Esquinas redondeadas:** Algúns elementos da páxina (busca, bloques e menú principal) terán as esquinas redondeadas nos navegadores.
- Rotador de imaxes de cabeceira
- Activa ou desactiva as ligazóns de inicio de sesión.** (a miña conta, saír)

Sitio web multilinguaxe

Poderíamos configurar Drupal para soportar varaios idiomas por medio do módulo “**Internacionalización**” e outros módulos asociados. Deste xeito, en funcion do idioma seleccionado polo usuario os menús cambien.

Podemos acceder ao manual-aula virtual onde está explicado a través deste enlace.
<https://centros.edu.xunta.gal/websdinamicas/aulavirtual/mod/page/view.php?id=4598>

CONSTRUCCIÓN DA PÁXINA

No menú **Administración-Construcción** da páxina é onde configuramos a estrutura física da mesma, dende a **plantilla** que lle da o aspecto á páxina ata os diferentes elementos ; **BLOQUES** e **MENÚS**



BLOQUES

Son os elementos de Drupal que podemos colocar en diferentes rexións da nosa páxina web; laterais, cabeceira, banner, ... e poden conter información de diferente tipo; menús, imaxes, texto, videos, enlaces... etc.




Tipos de bloques:

Bloques de menú; cando creamos un MENÚ en Drupal, automaticamente crease un bloque de nome igual ao menú, que conterá os enlaces correspondentes aos elementos activos do menú.

Bloques estáticos ou HTML: son creados polos administradores para aloxar elementos fixos en código HTML (por exemplo unha selección de enlaces). Estes creáanse cun editor de HTML.

Bloques de vistas;

Bloques de módulo; algúns módulos coma "evento" define o bloque "calendario"



Configuración dos BLOQUES

No menú **Administrar -Construción da páxina- Bloques**

A imaxe mostra a LISTA dos bloques e configuración dos mesmos.

A organización do contido ou nodos, realízase mediante “**Categorías ou Vocabulario**”, que á súa vez pode estar dividido en “**Termos**”

Na lapela “**lista**” vemos os **enlaces aos temas ou plantillas activas**, xa que as posibles configuracións dos bloques están ligadas a cada tema ou plantilla.

Isto quere dicir que un mesmo bloque pode estar activo para un tema e para outro non. Por este motivo, ao cambiar o aspecto visual da nosa páxina/plantilla, poidan desaparecer (non estar activos) algúns bloques.

Os bloques aparecen agrupados según a rexión ou zona da web onde están colocados (barra lateral esquerda, dereita...) e os inactivos aparecerán ao final.

Aparecen 4 columnas; arrastrar para mover, bloque, rexión e operacións.

Para **activar un bloque** inactivo, so temos que escoller a rexión onde queremos posicionalo, observamos que ten un * ata que **gardamos os bloques**, abaixo de todo do formulario.

Podemos configurar cada bloque;

- **Expanded by default**; se o bloque se mostra expandido por defecto pero o usuario pode contraelo.
- **None**; o bloque aparece expandido e o usuario non pode contraelo.
- **Collapsed by default**: o bloque amosase contraído pero o usuario pode expandilo.

Bloques

Lista	Engadir bloque
0 Point	4 Seasons
AdaptiveTheme	Abarre
Aurora	Aberdeen
fixed	arclitetheme
Corolla	ArtistsC01
Garland	AT Admin
for Drupal 6.x	Austin theme
RootCandy	Admire Gray
After (ProsePoint port)	Barron
	Barron RTL
	basic
	Bluebreeze
	box_grey
	Celju
	Camaleón
	Contented7
	Danblog
	Danland
	Deco
	dreamy
	Drupify
	Foliage
	Giordani
	GlossyBlue
	Green N Black
	Internet Corporation
	nonzero
	Note Chaos
	Pushbutton
	Scruffy
	Sky
	Slash blue
	The Morning
	Twittish
	Wabi
	Zen Classic

Esta páxina fornece unha interface de arrastrar e soltar para a asignación dun bloque a unha área, e para controlar a orde dos bloques dentro das áreas. Para cambiar a área ou a orde dun bloque, tome un co punteiro na columna *Bloque*, e arrastre o bloque á súa nova localización na lista. (Arrastre un elemento premendo e mantendo premido o botón rato mentres retén un identificador de icona.) Xa que non todos os temas teñen as mesmas áreas ou non as presentan da mesma maneira, os bloques colócanse segundo o esquema do tema. Lembre que os seus cambios non se gardaran ata que prema no botón *Gardar bloques* na parte inferior da páxina.

Faga clic en *Configurar* xunto a cada bloque para configurar as súas opcións específicas de título e visibilidade. Use a páxina para agregar un bloque se desexa crear un bloque personalizado.

Bloque	Rexión	Operacións
[máis axuda...]		
Barra lateral esquerda		
+ Navegación	Barra lateral esquerda	configurar
+ O centro	Barra lateral esquerda	configurar
+ Secretaría	Barra lateral esquerda	configurar
+ Pais/Nais	Barra lateral esquerda	configurar
+ Alumnado	Barra lateral esquerda	configurar
+ Profesorado	Barra lateral esquerda	configurar
+ ANPA	Barra lateral esquerda	configurar borrar
+ Actividades	Barra lateral esquerda	configurar
+ ERASMUS+	Barra lateral esquerda	configurar borrar

Título do bloque:

Tal e como se amosa ao usuario na presentación do bloque, e non debemos confundilo coa identificación que usa drupal

Descrición do bloque: *
 PLAN DIXITAL 2022
Unha breve descrición do seu bloque. Emprégase na páxina de resumo do bloque.

Título do bloque:
 PLAN DIXITAL
O título do bloque, tal coma se amosará ao usuario.

Un **contido** ou **nodo**, podes asociarse a un ou máis **termos**, e dicir, un contido publicado no **termo** “orientación” gardarase na páxina asociada ao Departamento de Orientación é a súa vez, na **Categoría** Departamentos, que forma o **bloque** “departamentos” que se atopa na barra lateral esquerda.

Se o noso rol é de “Administrador” dispoñemos das opcións de “**crear contido**”, actualizar, modificar e eliminar o noso propio contido, e o creado por outros usuarios.



No menú “**administrar**” podemos:



- Modificar a configuración actual da plataforma web.
- Instalar e desinstalar novos módulos.
- Crear e administrar diferentes roles, permisos e usuarios.
- Cambiar de zonas os diferentes bloques, menús..
- Engadir novas categorías e termos....

Taxonomías-Vocabulario-Termos-Subtermos

Drupal ofrece un sistema de clasificación dos contidos publicados, baseado en “**taxonomías**”, que **permite organizar o contido** e definir os permisos de acceso.

As “taxonomías” están formadas por “**categorías**”, “**termos**” e “**subtermos**” organizados de xeito xerárquico, tal que permite clasificar e organizar a web.

É moi importante que antes de comezar a crear contidos e antes de pensar no deseño e aparencia que vai ter a páxina, **teñamos clara unha categorización de onde se van aloxar os contidos que publiquemos, é dicir, deseñar o mapa do noso sitio.**

O primeiro paso para crear unha web, é definir as “taxonomías” que se precisan para organizar os contidos que precisamos publicar.

Taxonomía é unha estrutura xerárquica cunha “**categoría**” tamén chamada “**vocabulario**”, coma **nodo principal ou raíz**, é un conxunto de **termos** fillos da categoría, dos que á súa vez poden saír novos termos que chamaremos “**subtermos**” e así sucesivamente ata un máximo de 9 niveis.

Na ruta **Inicio»Administrar »Administración do contido» Taxonomía**, accedemos ás distintas opcións para administrar as taxonomías. **Como administradores, a nosa función será a de crear as categorías ou vocabularios e os seus termos e subtermos, que formarán o esqueleto do portal web**, tarefa fundamental para poder aloxar os contidos e para a construción dos menús de acceso a estes contidos.

Cando falamos de **taxonomías** englobamos tanto a categoría principal (**vocabulario**) coma as subcategorías (**termos**)

Taxonomía
Vocabulario (categoría principal)
Termo_1 (subcategoría de 1º nivel)
Termo_2 (subcategoría de 1º nivel)
Termo_2.1 (subcategoría de 2º nivel)
Termo_2.2 (subcategoría de 2º nivel)
Termo_3 (subcategoría de 1º nivel)

Inicio » Administrar » Administración do contido » Taxonomía

Termos en O centro **Vocabulario**

Lista Engadir termo

O centro é un vocabulario de xerarquía simple. Vostede pode organizar os termos usando as asas da parte esquerda da táboa. Para cambiar o nome ou a desligazón *Editar* que aparece á beira do termo.

Nome	Operacións
Localización	editar
Secretaría	editar
VALIDACIÓNS	editar
Dependencias	editar
Documentos	editar
Organigrama	editar
Equipo Directivo	editar
Claustro.- Profesorado	editar
Secretaría	editar
ESCOLARIZACIÓN	editar
Consello escolar	editar
Eleccións Consello Escolar 2010-11	editar
Xunta de Delegados	editar
Mantemento tic	editar

Gardar Restaurar a alfabético



Exemplo:

No modelo pre-instalado nos centros educativos, está creada a taxonomía “O centro”, que a súa vez está formada por:

- Vocabulario -“**O centro**”
- No cal se agregaron **4 termos** (Localización, Dependencias, Organigrama, Secretaría)
- Á súa vez o termo Organigrama divídese en dous **sub-termos** : Consello escolar e Profesorado....

PASOS PARA construír unha TAXONOMÍA (Estrutura xerárquica do contido)

Esta é a ESTRUCTURA XERARQUICA do contido



PASO 1.- No menú **Administrar-Administración do contido-Taxonomías**, na lapela «Engadir vocabulario» pódese crear unha nova **TAXONOMÍA OU ESTRUCTURA PRINCIPAL**.

- **Nome do vocabulario:** (*obrigatorio) debera ser un nome significativo, claro e non moi longo, xa que despois tamén o empregaremos para a creación dos menús visibles na nosa páxina.
- **Descrición:** información sobre o tipo de contido que irá nesta estrutura de contido.
- **Texto de axuda:** instrucións para o usuario cando escolla un termo.
- **Tipos:** aquí debemos marcar os posibles **tipos de contidos** que van poder ir publicados nesta taxonomía (estrutura) que se está a crear.; Páxina, Historias, Imaxe, Evento...
- **Opcións:** deixamos en principio as opcións como veñen por defecto, sen marcar.
- **Peso:** según o peso asignado, así se mostra máis abaixo ou enriba na páxina web.
- **Taxonomy menu-Menu location** nun comezo deixaremolos en =Disabled= ata que creemos os elementos do menú (explicado a continuación)
- **Menú path type:** por defecto ou predeterminada. Crea ruta de enlace cos termos **por defecto**.
- **Opcións;**
 - **Sincronizar;** cada vez que engadimos, modificamos ou eliminamos un termo, o enlace do menú tamén se modifica (desactivado)
 - **Display number of items;** mostra o número de items por cada termo ou subtermo (desactivado)
 - **Hide empty terms:** esconder termos que non teñen contido .
 - **Add item for vocabulary:** mostra o nome do vocabulario coma elemento do menú de nivel superior do menú de taxonomía.
 - **Auto expand menú items:** mostra automaticamente todos os menús desplegados.


Unha vez que teñamos creadas a estrutura, desde a lista de **Taxonomías**, podemos ver na columna de **Operacións** as seguintes posibilidades:

•**Editar vocabulario:** pódese variar o nome do vocabulario e as súas opcións (tipos de contido asociado, xerarquía...)

•**Lista de termos:** accédese aos termos da categoría, podendo modificar a súa posición na páxina, o seu nome...

•**Engadir termos:** crear novos termos dependentes dun determinado vocabulario. Os termos creados poden adoptar unha **estrutura en árbore (vocabulario-termo1-termo2...)** colgando uns doutros,


basta con elixir como pai en lugar de root (selección que aparece por defecto) outro termo creado dentro da categoría ou vocabulario. **Aquí crearemos cantos termos como necesitemos.**



PASO 2.- Administrar – Construcción da páxina- Menús

Lapela Engadir menú:

- O **nome do menú** irá en minúsculas, pois trátase da ruta URL correspondente ao vocabulario creado no paso anterior. (taxonomía)
- O **título;** será o mesmo que o Vocabulario creado antes -TAXONOMÍA-
- **Gardamos cambios.**



PASO 3.- Volvemos a Administrar>Administración do contido>Taxonomía;

- Aquí visualizamos o vocabulario creado (TAXONOMÍA) e prememos en editar vocabulario, no apartado – menu locatios-- que aparece coma “disable”, despregamos e escollemos na lista o mesmo nome que aparece entre <....> , con isto o que acabamos de facer é relacionar a “estrutura taxonomía” co menú “taxonomia” e coa súa dirección URL.
- **Gardamos os cambios.**

PASO 4.- Administrar>Construcción da páxina> Bloques

- Localizaremos o bloque “TAXONOMÍA” que aparecerá na parte baixa desactivado.
- Escolleremos en que parte da páxina se vai a ver, dereita, esquerda...
- **Gardamos cambios.**

PASO 5 -ULTIMO Mantemento de usuarios>Taxonomy Acces Permissions

- Este último paso consiste en habilitar os permisos para que estes menús sexan visibles na web para os diferentes roles de usuario.
- Os novos menús creados aparecen ao final da lista, no apartado «new» , desplegamos e localizamos o noso menú, e según o tipo de usuario-rol- decidimos se se pode VER, EDITAR, BORRAR , ACTUALIZAR, coas opcións A(permitir) I(ignorar) e D(denegar).
- Gardamos cambios**

Seguindo estes pasos anteriores, crearemos un bloque novo con presenza na páxina principal,

Cando creamos un novo contío, teremos a opción de escollelo no apartado “Vocabularios”

OBSERVACIÓNS SOBRE A VOSA PÁXINA WEB

1. Na cabeceira hai que colocar o logo corporativo da Consellería, seguindo o manual de identidade corporativa. Engadiría todos os datos do centro educativo; nome, dirección, teléfono e correo electrónico.
2. Estaría ben un bloque máis visíbel para iniciar sesión, fora da cabeceira, podemos colocalo onde queiramos, esquerda ou dereita.
3. Sacaría tamén a caixa de busca da cabeceira.
4. Scaría os Erasmus do bloque do centro , e poñería un so bloque con todos os Erasmus, desplegado ou recollido.
5. Sacaría a Aula Virtual e Adix da cabeceira.
6. En enlaces secundarios, quitaría o mapa do sitio e os recursos educativos, engadiría a Aula virtual e Xade, quizais fprofe.
7. Engadiría un bloque CALENDARIO

Menús especiais en Drupal.

En Drupal hai tres menús que veñen coa instalación básica. **Drupal non permite eliminar estes menús:**

- **Menú de navegación ou menú de usuario.** Visualízase só cando un usuario inicia sesión como usuario rexistrado na web.

Contén os elementos que dan acceso a:

- ao perfil do usuario.
- ao formulario de creación de contidos.
- ás páxinas de administración.
- ao enlace para pechar sesión.

- **Enlaces primarios (Primary links)** e **Enlaces secundarios (Secondary links)**. Son dous menú especiais para os que a maioría das plantillas reservan un lugar para a súa visualización.

Na configuración das plantillas utilizadas na web activaremos ou non a visualización destes menús.

Nestes dous menús podemos crear de xeito manual os enlaces (elementos de menú) que desexemos. Por exemplo, no menú de enlaces primarios temos os elementos: **Aula Virtual, Galería , Portal Educativo...** e podemos engadir Edixgal, Correo Edu, Proens, ... **RECOMENDO POÑER SÓ OS MÁIS HABITUAIS DOS CORPORATIVOS**

Menús estáticos ou creados manualmente

Son creados polos administradores para enlazar con algún contido ou parte da nosa web, aínda que **habitualmente empréganse para enlazar cun recurso externo**. Distínguense por que na columna operacións aparece o enlace «borrar»

Neste exemplo, serían os enlaces á “Alumnado” ou “Plan dixital”

Menú	Activo	Expandir	Operacións
Actividades	☒	☐	editar borrar
Alumnado	☒	☐	editar borrar
Aula virtual	☒	☐	editar borrar
Biblioteca	☒	☐	editar borrar
Crón	☒	☐	editar borrar
Departamentos	☒	☐	editar borrar
Documentación COVID (desactivado)	☐	☐	editar borrar
Enlaces secundarios	☒	☐	editar borrar
Navigation	☒	☐	editar borrar
O centro	☒	☐	editar borrar
PLAN DIXITAL	☒	☐	editar borrar

Menús dinámicos ou automáticos

Son os creados automaticamente por Drupal, cando en Taxonomía- Vocabulario creamos as categorías e os termos, e os relacionamos co menú correspondente, distínguense dos outros menús en que estes **non teñen a opción «borrar»** na columna de operacións.

Biblioteca			
Lista de elementos Engadir elemento Editar menú			
Para reordenar elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar baixo a columna do Elemento (elementos) á súa nova localización na lista. Lembre que os cambios non se gardarán mentres non faga			
Elemento do menú	Activo	Expandir	Operacións
A nosa biblio	☒	☐	editar
Os nosos blogs	☒	☐	editar
Blogue da biblioteca.	☒	☐	editar
O tesouro de papel (Blogue do Club de lectura)	☒	☐	editar
Recomendacións lectoras	☒	☐	editar
Telleiras radio	☒	☐	editar
Catalogo OPAC	☒	☐	editar
Actividades doutros cursos	☒	☐	editar
Outras actividades	☒	☐	editar

Na imaxe anterior serían os menús “A nosa biblio”, e “Telleiras radio”

Elementos do menú anidados:

Os elementos de menú , poden ter á súa vez sub-elementos , formando unha estrutura xerárquica.

Nunha taxonomía pode haber termos , que teñan á suba vez sub-termos. Esa mesma estrutura refléxase no menú asociado coa taxonomía, nos correspondentes elementos e sub-elementos do menú

Inicio » Administrar » Construcción da páxina

Menús

Lista de menús Engadir menú Opcións

Os menús son unha colección de ligazóns (elementos de menú) usadas para navegar por unha páxina web. Os menús dispoñíbeis actualmente no seu sitio móstranse a seguir. Seleccione o menú desta lista para a xestión dos seus elementos de menú.

[máis axuda...]

Actividades
Alumnado
Aula virtual
Biblioteca
Cron
Departamentos
Documentación COVID
Enlaces secundarios
Secondary links are often used for pages like legal notices, contact details, and other secondary navigation items that play a lesser role than primary links.
Erasmus 1.2
Navigation
The navigation menu is provided by Drupal and is the main interactive menu for any site. It is usually the only menu that contains personalized links for authenticated users, and is often not even visible to anonymous users.
O centro
País/Nais
PLAN DIXITAL
Primary links
Los enlaces principales se suelen usar en la capa de tema para mostrar las secciones principales de un sitio. Una representación típica de los enlaces principales serían las pestañas en la parte superior.
Profesorado
Programas
Revista escolar
Secretaría
Sistema de Calidad
Sugerencias
TABOLEIRO
TAXONOMÍA
XERAL

TAXONOMÍA

Lista de elementos Engadir elemento Editar menú

Para reordenar elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar (elementos) á súa nova localización na lista. Lembre que os cambios non se

Elemento do menú	Activado	Expandido	Operacións
+ Vocabulario	✓	✓	editar
+ Termo nivel 1	✓	✓	editar
+ Termo nivel 2	✓	✓	editar

Garda-la configuración